# EXERCICIO AUTOAVALIABLE

## CUESTIÓNS:

1. **Comentario guiado do poema 1 da antoloxía titulado «Promesa» de Ramiro Fonte.**

   **a)** Sintetiza o argumento do poema.
   **b)** Sinala os núcleos estruturais e o tema do poema.
   **c)** En que década incluirías o autor e o seu poema. Xustifica a túa resposta.

2. **Comentario guiado da «Amor sen morte » (poema 2) de Claudio Rodríguez Fer.**

   **a)** Indica o tema e o argumento do poema.
   **b)** Analiza a métrica. É novidosa ou estamos perante un molde clásico.
   **c)** Compara este poema co de Fernán Vello. Que diferenzas atopas no tratamento do tema?

3. **Despois de lida a antoloxía, localiza que poema trata sobre a metapoética, é dicir, fai unha reflexión sobre o traballo do poeta á hora de construír un poema. Analiza o contido do mesmo.**

4. **Cal é o sentimento que expresa a voz poética do poema «No lubricán de Santiago non hai galos que canten».**

5. **A poesía actual. Tendencias, autores e obras.**

## SOLUCIÓNS

1. **Comentario guiado do poema 1 da antoloxía titulado «Promesa» de Ramiro Fonte.**

   **a)** Sintetiza o argumento do poema.

Unha voz poética en 2ª persoa do plural «chamaremos nostalxias» que ás veces emprega a 3ª persoa do plural (fosen, partillaban) para describir e narrar, reflexiona sobre as nostalxias do pasado.

Un poema simbólico onde as árbores antigas desta terra -os nosos antepasados- aqueles que loitaron pola terra, por Galicia, símbolo de todos nós. Fala daqueles homes que «non elixiron barcos para partiren lonxe» é dicir, non emigraron, senón que quedaron loitaron polo seu e que nos deixan a promesa de seguir conservando e respectando as nosas tradicións «cal regatos lixeiros e chuvizosas tardes».

Esta lectura simbólica é paralela á lectura obxectiva, onde a descrición da natureza, sérvelle ao eu poético para afondar e reflexionar que as promesas do pasado non se cumpriron e polo tanto «agora e para sempre chamaremos nostalxias», mais tamén presenta incertidume cara ao futuro «poderían abrirlle tan caladas feridas».

Unha temática intimista que rompe a estética socialrealista da época pasada.

**b)** Sinala os núcleos estruturais e o tema do poema.

O tema é: as nostalxias dun pasado.

O poema aparece estruturado en dúas partes que xira en torno a esa promesa que non se cumpriu:

- A primeira parte (versos 1 – 11): onde temos a reflexión sobre o pasado.
- A segunda parte (versos 12 – 16): temos o presente.

**c)** En que década incluirías o autor e o seu poema. Xustifica a túa resposta.

Este poema polo contido intimista que presenta e a presenza de símbolos, así como unha lingua actual, e a propia disposición gráfica do poema, lévanos a situar o poema na década dos 80. Hai un afán culturalista mais verquido nunha forma innovadora con preocupación estética.

2. **Comentario guiado da «Amor sen morte » (poema 2) de Claudio Rodríguez Fer.**

   **a)** Indica o tema e o argumento do poema.

Poesía erótica-amorosa que fala dos elementos carnais (a lingua, os beizos, a pel...) que teñen lugar no encontro da máxima expresión do amor. A través deles e por medio de imaxes e sensacións entramos no interior da boca, a lingua lame, esbara, é coma unha serpe –símil-

humedante entre vidrados (dentes). Os beizos vermellos e consagrados móvense igual que o pubis no seu acto e detidos no momento crucial.
A pel que se eriza, como un almiscar xeado, pegañento e que é froito do acto da vida.

O tema é: o acto sexual como máxima expresión do amor.

**b)** Analiza a métrica. É novidosa ou estamos perante un molde clásico.

Temos un poema poliestrófico (varias estrofas) e heterométrico (diferentes medidas) así temos versos hendecasílabos (11 sílabas), alexandrinos (14 sílabas) e de nove sílabas, todos de arte maior con rima consonántica (ABBA – CBBC – EBE –B) semella un soneto, pero non o é.

**c)** Compara este poema co de Fernán Vello. Que diferenzas atopas no tratamento do tema?

Claudio Rodríguez Fer achégase ao erotismo sen disfraces nin requintamentos, de forma nerudiana, así temos referencias directas ás fontes do amor: a lingua, a pel, a boca, os beizos, nunha simbíose sensual e cósmica, onde o corpo é un espazo detido na atemporalidade. Sensualiza desde presupostos eróticos e en lingua galega, algo ata o de agora non levado a cabo. A súa poesía erótica, está chea de sutiles mátices irónicos, hai unha notable seguridade técnica e unha linguaxe ceñida, precisa e poderosamente expresiva.

Fernán Vello tamén se achega ao erotismo nos seus primeiros poemarios de onde é este poema. Mais el achégase ao beixo como instrumento de comunicación a través dos niveis máis profundos do home e da muller, como superación da vivencia da soidade, e como exercicio de comprensión. Hai no poema deste autor unha maior sensualidade capaz de transmitir imprensións: a calor.

A diferenza maior está na sensualidade de Fernán Vello a hora de tratar esta temática fronte a Claudio Rodríguez Fer que é máis carnal.

**3. Despois de lida a antoloxía, localiza que poema trata sobre a metapoética, é dicir, fai unha reflexión sobre o traballo do poeta á hora de construír un poema. Analiza o contido do mesmo.**

É o poema 3 «O texto» de Álvarez Cáccamo. Un emisor univisonal e distanciado emprega a 3ª persoa do singular para expresar o seu sentir «un home fala en soños co símbolo, dille...», adopta unha postura distanciadora para tratar o carácter residual da poesía e do poeta, o duro traballo de compoñer un texto «consomen o seu ciclo, no cabo das xeiras» tras unha dura xornada que «hanse repetir o ritual e o texto», decátase que ao final son pezas de museo, e onde a súa palabra «val o mesmo que o olvido na voz do mar». Amosa, pois, certa angustia vital polo seu traballo e sobre todo a tensión perante o mundo que o rodea. A súa conciencia de «elemento residual» condiciona a súa estética e a súa linguaxe poética.

Hai un temor a que a poesía sexa símbolo doutras épocas, e que os poetas só existan en catálogos editoriais, nas programacións do ensino medio e universitario, ou nos parques públicos, no frío marmore das estatuas... é dicir,

unha flor no baleiro, inmerso na súa propia individualidade sen nada que o ligue a tradición. Esta é a forma de entender a arte e o artista na contemporaneidade tan celebrada.

Esta reflexión intensa e elexíaca constitúe a «angustia vital de ser poeta».

**4. Cal é o sentimento que expresa a voz poética do poema «No lubricán de Santiago non hai galos que canten».**

Un eu lírico intimista, subxectivo que aparece reflectido nas seguintes formas verbais (*teño, esculco, descobro...*) amósanos o seu sentir no «No lubricán de Santiago» onde a choiva sen tempo escoa polos vidros. O tempo pasa, máis o importante non é ese tempo no cal permanece calada, senón o sentimento que aflora no verso 8 e comezo a sentir –eu- o «*teu medo inmenso diante do novo día»*. O medo a soedade reflectida na ausencia do amado, o medo ao paso do tempo e polo tanto a ese novo día onde non haxa ninguén que a ame, e polo tanto estea soa.

Recorda os ollos do amante –sinécdoque de todo o amado-, pero eles xa non están a esa hora no vento, talvez el se acordará dela, de aí que o eu poético teña ciumes de todo o que aquilo agora o acompaña, xa que non está só. Mais o poema remata cun halo de esperanza porque deixa as portas abertas ao amor, á nova compañía, a non estar soa. A casa como a pampa, símbolo da infancia, do pasado cunha visión paradisíaca, está listo para un novo amor, nova compañía «*saio á rúa a buscarte*».

**5. A poesía actual. Tendencias, autores e obras.**

Os cambios políticos e socioculturais que se suceden desde 1975 –fin da ditadura franquista e instauración das libertades democráticas –inciden positivamente nunha mudanza poética que, anunciada desde moito antes se consolida na década dos oitenta cuns autores que rompen definitivamente co socialrealismo e elevan a nosa poesía a esferas pouco antes impensables. Con pólvora e magnolias (1976) de X.L. Méndez Ferrín (re)descobre unha linguaxe poética alongada do prosaísmo socialrealista no seu rigor estético e revitaliza temas eternos –amor, dor existencial, paso do tempo- sen renunciar á dimensión política e social do texto poético. Esta obra xunto ca de Arcadio López Casanova, *Mésteres* e a de Cunqueiro *Herba aquí ou acolá* (1980) abren decididamente novas canles expresivas e supéras definitivamente a poesía social.

Inmediatamente despois, coa obra de Alfonso Pexegueiro *Seraogna*, xorde diferentes colectivos poéticos que rompen co socialrealismo, Cravo Fondo, Alén, Rompente, integrado por Ramiro Fonte (*As cidades da nada)*, Xulio L. Válcarcel, (Véspera do día), Xesús Rábade..., defenden a poesía como arte. Alén, formado por Mato Fondo, F. Salinas Portugal (Os habitantes da culpa), Xosé Ramón Pena, caracterízase pola renovación estética e lingüística. Rompente, colectivo sólido e polémico de propostas máis ousadas e renovadoras. Os seus membros danse a coñecer a partir de 1975 cunha serie de recitais e non ano 78 publican o seu primeiro libro *Silabario da turbina*, o boletín *Fóra as vosas suxas mans de Manuel Antonio* e a serie *Tres tristes tigres*.

Importancias das cidades de Vigo, A Coruña e Compostela, as dúas primeiras como focos poéticos e a terceira como cidade de paso, enlace ou promoción cultural.

Os poetas coñecidos como «xeración dos 80» comparten unha serie de características comúns, os volumes colectivos *De amor e desamor I* (1984) e *De amor e desamor II* (1985), a súa colaboración en revistas *Dorna, Luces de Galicia*, e a súa participación en festivais. Forman parte desta primeira xeración Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer, Ramiro Fonte, Mauel Rivas, Luís G. Tosar ou Álvarez Cáccamo entre outros. A súa produción caracterízase polo afán culturalista e o decadentismo estético que distancian o poeta da sociedade. Supón unha síntese entre modernidade e tradición sen esquecer a exploración de novos mundos (integración da cultura urbana e marxinal) e artificios poéticos. Mantéñense fieies á liña intimista de expresión de sentimentos do eu poético. A linguaxe sométese á experimentación na concepción da linguaxe como arte, e non como simple transmisora dunha mensaxe. Teñen tamén en común a súa admiración por Cunqueiro e Manuel Antonio.

Salientaremos os seguintes autores como máis representativos:

**Ramiro Fonte:** Na súa obra pódense distinguir tres etapas: á primeira, caracterizada polo culturalismo e o requintamento formal, pertencen *As cidades da nada* (1983), *Designium* (1984) e *Pensar na tempestade* (1986); á segunda, máis introspectiva, *Pasa un segredo* (1988) e *Adeus Norte* (1991); á terceira etapa corresponden *Luz do mediodía* (1995) e *O cazador de libros* (1997) e nelas o trazo distintivo é a pescuda de novos rexistros expresivos e formais. Con *Mínima moralidade* (1998) gaña o Premio Miguel González Garcés, e os seus útimos poemarios son: *Capitán Inverno* (1999) e *A rocha dos proscritos* (2001).

**Xose Mª Álvarez Cáccamo** : A súa obra caracterízase pola diversidade de temas e a rica precisión formal; nela atopamos desde a emotividade lírica e a introspección saudosa de *A praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985) ou *Luminoso lugar de abatimento* (1987) ata o compromiso social explícito e puntual de *Prego de cargos* (1991). *Calendario perpetuo* (1997), etc.

**Miguel A. Fernán Vello:** Editor e poeta de temas como o amor, o desexo, fronte á soidae e a ausencia. Gustoso dunha poesía ben artellada formalmente, é autor de *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Poemas de lenta nudez (*1994)*,Territorio da desaparición* (2004), *Capital do corpo* (2004) *e Dicionario do estremecemento* (2008).

Na década dos noventa revitalízase este panorama coa chegada de novos autores ao espazo da escritura poética: Yolanda Castaño, Chus Pato, Miro Villar, Fran Alonso, Emma Couceiro, Marta Dacosta....que a diferenza da xeración anterior que tiñan unha formación maioritariamente autodidacta canto á lingua e á literaturas galegas, os autores máis novos contan a este respecto cunha boa formación académica.

A obra destes novos poetas caracterízase pola contención expresiva ligada á preocupación pola comunicabilidade co lector, pero cun rigor lingüístico herdado dos anos oitenta; pola asunción dos temas poéticos universais desde a revisión crítica dos modelos e mitos patriarcais por parte dos poetas; por un maior intimismo ligado á poesía vivencial e, máis que nada, pola procura dunha voz poética persoal desde o cultivo de temas e formas clásicos.

Ao mesmo tempo hai unha serie de factores que alteran o panorama poético dos últimos anos e propicia aparición destes novos poetas:

- Aumento de premios de poesía.
- A importancia do espazo editorial con coleccións propias de poesía como "Illa Verde", ou o selo Edicións Espiral Maior que xorde para difundir a poesía.
- Creación de empresas por parte dos propios poetas como Edicións do Dragón ou Letras de Cal, que se caracterizaban polas tiradas reducidas dos seus poemarios, pero onde cada exemplar era unha obra de arte orixinal.
- Proliferan os grupos poéticos a prol da difusión da súa obra das formas máis diversas: recitais, volumes colectivos, coloquios, charlas..., como Batallón Literario da Costa da Morte, Blas Espín, Serán Vencello...
- Especialmente importante cuantitativamente e cualitativamente é a chegada de autoras a este espazo literario compartindo un discurso feminino.
- A importancia do soporte audiovisual e dixital para dar a coñecer a súa obra.

Salientaremos dentro dos autores desta etapa a:

**Chus Pato**: a súa poesía, por veces, críptica, apunta cara á denuncia social e a recración dunha futurible nación en que as mulleres recuperen o protagonismo perdido. Estes postulados combínaos cun fondo culturalismo e cunha transgresión sintáctica do verso convencional. En 1991 publica Urania, máis tarde *Heloísa* (1994), *Fascinío* (1995), *Nínive* e *A ponte das poldras* (1996) e *m-Talá* (2000).

**Fran Alonso.** Poeta no que afonda a reflexión se abre paso para recrear un mundo visto de xeito irónico e tenro. Publicou *Persianas de pedramol e outros nervios* (1992) e *Tortillas para os obreiros* (1996).

**Emma Couceiro.** A observación do común serviralle para desenvolver un mundo propio de soño. *Humidosas* (1997) é a exposición poética do dito.

# EXERCICIO AUTOAVALIABLE II (UNIDADE 8)

## CUESTIÓNS:

1. **Comentario guiado do poema 17 da antoloxía de textos de Marta Dacosta «Hoxe estou en silencio xogando co pasado».**

   a) **Analiza a métrica do poema. Está formado por versos simples ou compostos.**
   b) **Podemos dicir que este é un poema formado por versos brancos. Porén, hai unha serie de asonancias que percorren todo o poema e lle dan unha subtil musicalidade. Sinálaas.**
   c) **Analiza a temporalidade verbal do poema. Identifica os dous planos cronolóxicos en que se desenvolve o texto e sinala que elementos corresponden a cada un.**
   d) **Indica o tema, subtemas e organización temática do texto.**

2. **Que dous recursos experimentais – xogo de palabras- presentan os poemas 10, 8 e 9 da antoloxía? Explícaos.**

3. **Características xerais ou liñas vertebradoras da poesía dos 80.**

4. **Cales son as principais canles de distribución para a poesía dos 90?**

5. **O discurso feminino na poesía dos 90.**

## SOLUCIÓNS

1. **Comentario guiado do poema 17 da antoloxía de textos de Marta Dacosta «Hoxe estou en silencio xogando co pasado».**

   a) **Analiza a métrica do poema. Está formado por versos simples ou compostos.**

   É un poema de versos alexandrinos (catorce sílabas). Son, pois, versos compostos, por teren máis de once sílabas.

   b) **Podemos dicir que este é un poema formado por versos brancos. Porén, hai unha serie de asonancias que percorren todo o poema e lle dan unha subtil musicalidade. Sinálaas.**

   As asonancias son:

   Recordo… pozo… foron
   Separaban… silenciada …. Bufarda
   Incansable… tarde

   c) **Analiza a temporalidade verbal do poema. Identifica os dous planos cronolóxicos en que se desenvolve o texto e sinala que elementos corresponden a cada un.**

   O poema presenta

   - Tempos en presente de Indicativo: estou, vexo, recordo, segue, hai, recupero, sinto, fala, vai rodando…
   - Tempos en copretérito de Indicativo: eran, separaban, empezaba.
   - Tempos en pretérito de Indicativo: naceu, foron.

   Os dous planos en que se desenvolve o poema corresponden, respectivamente:

   - O primeiro, ao momento en que o eu poético se pon a evocar determinadas anécdotas e figuras do seu pasado familiar e persoal «*hoxe estou en silencio xogando co pasado*», «*Recupero a memoria*» e sente unha plena identificación coas súas devanceiras «e eu sinto que son hoxe tantas que entón me foron».

   - O segundo, a esa serie de instantes pretéritos que son evocados polo eu poético «*vexo chegar andando a miña avó /que aínda é tan pequena como eu a recordo*»; «*eran cen escaleiras as que nos separaban*»; «*Pepa silenciada / pola peste da gripe cando empezaba o século*»; «*a chalana afogada na outra beira da ría*»; «*a miña nai tirando carbón dende a bufarda / ou atada a unha silla de falar castellano*».

**d) Indica o tema, subtemas e organización temática do texto.**

O tema principal é a evocación da estirpe familiar feminina e o sentimento de identificación da autora con ela «sinto que son hoxe tantas que entón me foron».

Cada figura evocada aparece caracterizada por algunha circunstancia ou anécdota que a sitúa no tempo histórico. Dese xeito, a autora coloca no poema subtemas como:

- A evocación de determinados espazos físicos asociados á propia infancia: «no vello paseo Alfonso XII», «eran cen escaleiras»; «o mundo da cidade vencido de ruídos»; «a praciña de pedra en que aínda hai un pozo»; «a casa pequena…».
- A educación represora e a marxinación escolar do galego durante o franquismo: «atada a unha silla de falar castellano».
- A evocación de determinadas traxedias familiares: «o misterio da vida en garrafas de barro / e algodón por Gonzalo, que naceu a destempo».
- A evocación de determinadas traxedias colectivas que afectaron á familia: «pola peste da gripe cando empezaba o século», «a chalana afogada».
- O traballo e as duras condicións de vida das clases populares: «a friaxe e o sal do mar na noite», «miña nai tirando carbón dende a bufarda».

**2. Que dous recursos experimentais – xogo de palabras- presentan os poemas 10, 8 e 9 da antoloxía? Explícaos.**

No poema de Lois Pereiro temos un **acróstico** que conforma en cada estrofa a palabra «sida» causa da morte do propio poeta. O acróstico é unha composición poética no que as letras iniciais, medias ou finais de cada veso, lidas en sentido vertical, forman un vocábulo ou unha locución.

Nos poemas de Gonzalo Navaza temos o **palíndromo**. Este termo designa unha palabra, unha locución ou un verso que ao ser lido de esquerda á dereita ou de dereita á esquerda conserva o mesmo sentido.

**3. Características xerais ou liñas vertebradoras da poesía dos 80.**

— **Afán culturalista**, e incluso un certo decadentismo estético, que só vai comezar a superarse na década dos 90, cunha maior preocupación do poeta por achegarse ao lector.

— Restablecemento de pontes firmes cos discursos poéticos anteriores, nun intento por reunir **tradición** e **modernidade.**

— En relación co anterior gostan de recrear **mitos** e reivindicar voces poéticas da nosa tradición (por exemplo: na celebración do cincuentenario de Manuel Antonio, saliéntase o seu carácter vangardista e revolucionario, a súa altura poética, etc.)

— Preocupación pola creación dunha **linguaxe poética nova**, imaxinativa, esixente. A palabra é, polo demais, frecuente obxecto de reflexión metapoética.

— Afán de **experimentación** e **interdisciplinariedade** que os leva por un lado, a publicar libros plurais, e por outro, a colaborar con outras artes como é o caso do poemario *Mar do fin da terra* de C. Sánchez Iglesias que está musicado por Paulino Martinez e ilustrado por Facal.

— Recuperación da temática intimista e o erotismo.

**4. Cales son as principais canles de distribución para a poesía dos 90?**

— **Distribución, en soporte papel, en libros ou revistas a través de:**

- **Proxectos editoriais innovadores** creados coa finalidade de abrírense un camiño na divulgación da súa obra. Os proxectos máis innovadores nacen dos propios grupos de escritores, case sempre sen afán de lucro: a **Colección Letras de Cal** e **Edicións do Dragón**.

- **Editoriais consagradas.** Ablativo Absoluto de Xerais que publica poemas innovadores desde o punto de vista estético, a colección Di-versos, Positivas, colección Esquío, ed. Tambo ou Bahía Branca, así como Espiral Maior (coa colección poética A Illa Verde) creada por Miguel Anxo Fernán Vello, colección Dombate de Galaxia.

- **A través de revistas e follas voandeiras. Revistas:** a revista *Feros Corvos* que se le nas tabernas da Costa da Morte; os libros de *Letras de Cal* véndense nos recitais organizados pola colección; Outras revistas máis canónicas son *Festa da Palabra Silenciada, A Xanela, Ar!, Luzes de Galiza, O Mono da Tinta, Ólisbos, Unión Libre ou Dorna.* **E Follas voandeiras,** como por exemplo «Polpa», editada polo colectivo coruñés Humilladoiro; «A caramuxa», editada polo colectivo Sacou en Noia; ou «A Escolma», editada por Alberte Morán.

— **En soporte audiovisual e dixital**. A edición informática a través das redes serviulles de canle comunicativa a estes autores. Ao mesmo tempo as revistas electrónicas serven de divulgación de crítica literaria. Internet sérvelles para a procura de público espectador ou futuro lector e xoga un papel fundamental no desenvolvemento da expresión poética.

— **A través de recitais orais e talleres literarios** que serviron para «popularizar» o xénero poético achegando a poesía aos receptores.

— **Os premios literarios** que favorecen o panorama poético como o Premio Esquío, o o Miguel González Garcés, o Díaz Xácome para Novos Creadores...

— **Aumento das publicacións poéticas principalmente antoloxías** colectivas. **Como** *dEfecto* (2000), antoloxía de poetas dos 90.

— **Dinamización da palabra poética froito da súa crecente importancia ao longo do novo milenio** coa creación do Día da poesía o 28 de decembro.

## 5. O discurso feminino na poesía dos 90.

O estourido da escrita feminina prodúcese en 1991 coa publicación de 3 poemarios: *Metáfora da metáfora* de Mª Xosé Queizán, *Uránia* de Chus Pato e *Música reservada* de Luísa Villalta.

A muller poeta cuestiona o discurso, a linguaxe, os mitos, a categoría de xénero e rompe con imaxes poéticas establecidas nos 80. A súa actitude é case sempre subversiva e provocadora (Yolanda Castaño, Lupe Gómez ou Olga Novo).

— **A linguaxe.** As poetas pretenden liberarse da linguaxe para crear un novo código que sexa quen de emitir a súa propia voz polo que renegan da escrita herdada, que segundo elas obedecía ao poder patriarcal.

— **O mito.** Cuestionan tamén os mitos clásicos e pretenden renovalos dándolle o poder á muller. Así por exemplo, a Penélope da década dos 90 rebélase contra a historia e decide non agardar máis a Ulises.

— **Ruptura con imaxes poéticas** ás que estabamos habituados nos 80, por exemplo relacionadas coa infancia. A través dos recordos chegan á infancia (noutrora paraíso perdido do poeta) coa finalidade de destruíla porque é o espazo ou o cárcere que as pecha como mulleres relegándoas ao papel social de muller tradicional. Da mesma maneira que foxen da infancia, tamén o fan da nai que é transmisora da escravitude patriarcal. «A infancia é o espazo que nos pecha como mulleres. Hai que transgredir o papel de nai paridora de fillos».

— **A reivindicación do corpo.** A presenza do corpo é frecuente nas poetas, ben como símbolo da reivindicación sexual (o dereito ao gozo corporal) ou ben identificado coa creación literaria (corpo = poema, obra ou lingua), de tal xeito que se identifica a carne coa palabra e a creación co amor ou coa posesión.

— **Subversión do canon estético da muller**. Por primeira vez as poetas incorporan personaxes lendarios «antiliterarios», tidos como exemplo de perversidade feminina: prostitutas, mulleres malvadas, meigas, mouras, Medusa ou Lilith polo aquel de seren mulleres que rachan as convencións, indómitas e rebeldes; rompen así esa consideración que a historia lles deu, converténdose en símbolos positivos.